1 **A etapa da vida en que máis se medra e se cambia é…**

a. a infancia. **b.** a adolescencia. **c.** a idade adulta.

2 **As funcións vitais son…**

a. dixestión, circulación e respiración.
b. nutrición, relación e reprodución.
c. nacemento, crecemento e reprodución.

3 **O proceso polo cal se transportan substancias por todo o corpo é…**

a. a circulación. **b.** a excreción. **c.** a dixestión.

4 **A pituitaria amarela, o caracol e a retina interveñen respectivamente…**

a. na vista, no oído e no olfacto.
b. no olfacto, no oído e na vista.
c. no oído, no olfacto e na vista.

5 **Non debemos secar os oídos con bastonciños para non danar…**

a. os osiños. **b.** o conduto auditivo. **c.** o tímpano.

6 **As patacas, a pasta, o pan e os cereais son ricos en…**

a. graxas. **b.** hidratos de carbono. **c.** proteínas.

7 **Os hábitos saudables axúdannos a manternos…**

a. alimentados. **b.** divertidos. **c.** sans.

8 **Os animais que se alimentan tanto de plantas coma doutros animais son…**

a. omnívoros. **b.** detritívoros. **c.** preeiros.

9 **Todos os vertebrados posúen…**

a. pulmóns. **b.** catro patas. **c.** esqueleto de ósos.

11 **Os caracois, os polbos e as ameixas son…**

a. moluscos. **b.** artrópodos. **c.** insectos.

11 **A parte feminina da flor recibe o nome de…**

a. corola. **b.** pistilo. **c.** estame.

12 **Os fentos pertencen ao grupo…**

a. das plantas con flores. **b.** das plantas sen flores. **c.** dos musgos.

13 **Unha zona en que abundan os arbustos é…**

a. un bosque. **b.** unha matogueira. **c.** un deserto.

14 **Unha ave que só vive na península ibérica é…**

a. a aguia imperial. **b.** o xílgaro. **c.** a cegoña.

15 **Teñen forma variable e volume fixo…**

a. os sólidos. **b.** os líquidos. **c.** os gases.

16 **O cambio de estado que se produce ao diminuír a temperatura dun gas é…**

a. evaporación. **b.** fusión. **c.** condensación.

17 **Nun coche prodúcese a transformación de enerxía…**

a. química en mecánica.
b. térmica en mecánica.
c. mecánica en térmica.

18 **Nas centrais hidráulicas emprégase a enerxía…**

a. dunha corrente de auga. **b.** do vento. **c.** do sol.

19 **Se temos que subir unha carretilla á parte traseira dunha furgoneta, o máis cómodo sería usar…**

a. unha polea. **b.** un plano inclinado. **c.** unha panca.

20 **O conxunto de rodas dentadas que transmiten o movemento é…**

a. un motor.
b. unha engrenaxe.
c. unha máquina composta.